



José Manuel
Fuentes Fariña

Responsable de Acción
Sindical de Docentes
do Ensino Público da
Federación do Ensino
de CCOO de Galicia

O conflito no ensino público continúa...

O sábado 22 de outubro, os sindicatos representativos do ensino público xuntamos máis de cen mil persoas procedentes de toda España nunha gran marcha en Madrid a prol da educación pública e contra os recortes educativos dos gobernos de varias comunidades autónomas, que xa afectan tamén a numerosas universidades

ESTAMOS ante un ataque sen precedentes á escola pública, á calidade educativa, á igualdade de oportunidades e ao emprego no sector. Estes gobernos pretenden esquecer que a escola pública é de todo o mundo e para todo o mundo, que é o mellor investimento dun país, é a mellor política social e o instrumento idóneo para impulsar a igualdade de oportunidades. Por todo isto, CCOO loitará ata o final para defender unha educación pública de calidade.

En Galicia non somos alleos aos recortes que se estenden pola xeografía española. O conselleiro de Educación e mais os seus directores xerais compareceron en comisión parlamentaria o luns, día 31 de outubro, para asustarnos máis do que xa estabamos. Por fin o conselleiro reconece unha gran redución de profesorado ao tempo que o noso sistema educativo se incrementou en máis de tres mil alumnos. Reconece que ata o de agora estiveron mentíndolle á cidadanía. Ao cabo, verase que tiña razón CCOO cando fixo público que a redución ascendía a preto de mil docentes. Pero tamén anuncia un recorte impresionante nos seus dous programas estrela: o plurilingüismo e o Proxecto Abalar. Elimínanse os intercambios con outros países e redúcense á mínima expresión as estadias en países estranxeiros; pásase de 4,97 millóns de euros a 1,8 (case nada). Redúcese en 2 millóns de euros a contía destinada a infraestruturas informáticas. Se isto é o que fai con eses programas, o recorte no resto



podemos imaxinalo. Aínda que non fai falta porque queda claro cos orzamentos para 2012, que afondan brutalmente nos recortes actuais.

É máis importante ca nunca unirmos todas as nosas forzas en defensa do ensino público. CCOO fai un chamamento á unidade sindical, a arrecunchar as diferenzas e actitudes sectarias para dar unha resposta unitaria ás agresións, porque as cousas poden ir a peor. Xa hai quen pon en cuestión a gratuidade do ensino público e fai propostas nesta dirección para despois do 20 de novembro. CCOO estará á fronte das mobilizacións en Galicia, en Madrid e onde for necesario.

Non podemos equivocarnos, temos que mobilizar non só o profesorado. Non estamos ante unha cuestión unicamente laboral –que tamén o é–, senón social. É imprescindible que as nais e pais e mais o resto dos sectores da comunidade educativa, así como outras organizacións sociais fagamos piña para defender a educación pública. Os centros teñen a responsabilidade de explicarlles ás nais e pais como inciden os recortes na calidade do servizo e unilos ao resto de colectivos na defensa deste servizo público esencial. Esta vai ser unha loita longa no tempo e cómprenos a implicación de todos e todas.